

Número:
2021 / 001379
Fecha: 19/10/2021 23:19

Id.PI.: SE/decreto

ASUNTO: DECRETO MODIFICACION PROTOCOLO INSTALACIONES DEPORTIVAS

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 7 de setembro de 2020 acordou a aprobación do PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19.

O Decreto de Alcaldía do día 22 de outubro de 2020 aproba a modificación do protocolo de uso de Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Monforte para adaptalo á orde do 21 de outubro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma e Galicia.

O Decreto de Alcaldía do día 22 de xaneiro de 2021 aproba a modificación do protocolo de uso de Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Monforte para adaptalo á orde do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto de Alcaldía nº 2021/979 do 06.08.2021 aproba a modificación do protocolo de uso de Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Monforte para adaptalo á normativa vixente, ante o inminente inicio da actividade deportiva por parte de clubs e entidades deportivas do Concello de Monforte.

Tendo en conta a ORDE do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalería segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma e Galicia, que supón a derogación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario modificar o “PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19”, para adaptalo á normativa vixente.

CSV: 07E50008125400E9M5M40608Q8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50008125400E9M5M40608Q8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 19/10/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/10/2021 23:19:48

Número : 2021001379
Fecha: 19/10/2021
Hora: 23:19
Persona 76561868C



Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO. Prestar aprobación á modificación do PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCACIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19, que queda redactado como segue:

“1-INTRODUCCIÓN:

O presente protocolo está deseñado tendo en conta a seguinte normativa:

- ORDE do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan e lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

O contido deste protocolo sufrirá tantas modificacións e adaptacións como ditén as autoridades sanitarias vista a evolución da pandemia do COVID-19.

Este protocolo aplicárase nas seguintes instalacións deportivas:

- Pavillón Municipal da Pinguela
- Pavillóns polideportivos escolares
- Campo Municipal de Fútbol da Pinguela
- Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas

Este protocolo afecta unicamente aos adestramentos. No caso competicións deportivas, estas están reguladas polo correspondente protocolo.

2- REQUISITOS PREVIOS Á UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

CSV: 07E50008125400E9M5M40608Q8



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E50008125400E9M5M40608Q8
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 19/10/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/10/2021 23:19:48

Número : 2021001379
Fecha: 19/10/2021
Hora: 23:19
Persona 76561868C



- Para poder utilizar as instalacións deportivas será necesario contar coa correspondente autorización por parte do Concello de Monforte.

3- PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNES DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19.

- Poderán acceder ás instalacións deportivas aqueles clubs, entidades deportivas e usuarios, aos que lles sexa autorizado o seu uso. Unicamente poderán acceder nos días e horas que lles sexan concedidas.
- So se permitirá o acceso ás instalacións a deportistas, persoal técnico e directivos do club deportivo non estando permitido o acceso de público e acompañantes.
- A actividade deportiva que se poderá realizar nas instalacións segundo o disposto no punto 3.15 do anexo da orde do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan e lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, atende ás seguintes regras:

a) A práctica da actividade física e deportiva non federada poderase realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4

b) A práctica da actividade física e deportiva non federada poderá realizarse de forma individual ou colectiva, en instalacións e en centros deportivos pechados, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o noventa por cento da capacidade máxima permitida.

Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

CSV: 07E50008125400E9M5M40608Q8



c) A práctica da **actividade deportiva federada** de ámbito autonómico adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

- Con carácter xeral non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, o club deberá garantir a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- En canto ao uso da máscara estarase ao disposto no punto 1.4 do anexo da ORDE do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan e lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.
- No caso da realización de actividade federada, en canto ao uso de máscara, estarase ao disposto nos protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados por cada federación deportiva.
- Cando o deportista non utilice a máscara é importante gardala axeitadamente para evitar que contamine ou se contamine.
- Ao remate de cada adestramento o club deberá realizar a limpeza e desinfección de todo o material empregado. Para elo poderán utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Tanto os produtos necesarios para a desinfección do material deportivo como os xeles desinfectantes para os deportistas e persoal técnico deberán ser subministrados por cada un dos clubs deportivos usuarios das instalacións.

CSV: 07E50008125400E9M5M40608Q8



- Permítese o uso dos vestiarios e duchas coa ocupación máxima que marquen as autoridades sanitarias en cada momento. O aforo dos vestiarios estará indicado na porta de acceso a cada un deles. É responsabilidade dos clubs deportivos velar polo cumprimento do aforo en cada vestiario.

Recoméndase limitar a estancia nos vestiarios ao menor tempo posible.

No interior do vestiario é obrigatorio cumprir coa distancia de seguridade e utilizar a máscara, salvo na ducha.

- Para aqueles clubs e deportistas que non queiran utilizar os vestiarios, habilitaranse zonas específicas en cada instalación para que poidan deixar as bolsas, mochilas e efectos persoais. Non se poderá deixar nada na instalación ao rematar o seu uso.
- O calzado que se utilizará para levar a cabo os adestramentos será diferente ao que traia o deportista da rúa. Este deberá trasladarse en bolsa independente.
- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado deberán limparse as mans con xel desinfectante que deberá estar dispoñible no espazo habilitado para o efecto.
- Non poderán coincidir na cancha de xogo dous equipos ou grupos de adestramento diferentes. No caso de adestramentos consecutivos os equipos que van a iniciar a actividade terán que esperar a que os equipos que a finalicen abandonen a cancha.
- De ser o caso deberán respectarse as circulacións interiores establecidas en cada unha das instalacións.

4- MEDIDAS DE CONTROL DE USUARIOS E INCIDENCIAS

- Os clubs deportivos deberán rexistrar calquera incidencia que se produza en relación co COVID-19 e comunicarlle inmediatamente ó Concello de Monforte.”

SEGUNDO.- Dar traslado do presente decreto ao Técnico de deportes e proceder á súa publicación na páxina web municipal.

CSV: 07E50008125400E9M5M40608Q8





MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50008125400E9M5M4O6O8Q8



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E50008125400E9M5M4O6O8Q8
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 19/10/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/10/2021 23:19:48

Número : 2021001379
Fecha: 19/10/2021
Hora: 23:19
Persona 76561868C

